



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE DECEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:15 horas do día 5 de decembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 2 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. David Regades Fernández

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. José Riesgo Boluda
D. Óscar Couce Senra (asiste ao punto 5a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a, 3a e 4a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 23 de novembro de 2016

Non se aproba por falta de quórum.

b) Acta do 1 de decembro de 2016

Non se aproba por falta de quórum.

c) Acta do 2 de decembro de 2016

Non se aproba por falta de quórum.

2.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que na sesión do 21 de novembro de 2016 acordouse iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP, concedendo tres días hábiles aos licitadores que deseguido se relacionan para presentar alegacións e a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 05:33	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA343-CCD6BD-515C8A-P8ZY74-4G9G72-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

documentación que consideren oportuno para xustificar a valoración das súas ofertas:

1. COPCISA, S.A.
2. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L. (ACEVI)
3. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

Durante o referido prazo presentaron xustificación COPCISA, S.A. e PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. Non presentou xustificación ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L. (ACEVI).

Estas xustificacións trasladáronse ao responsable do contrato.

Entrégase o informe asinado polos arquitectos municipais o 1 de decembro de 2016 no que se fai constar, en relación coas xustificacións presentadas por COPCISA, S.A. e PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., que *“non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada a baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

Á vista deste informe, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333), dos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado, ben porque non presentaron documentación ou porque esta non se considerou suficiente:

1. COPCISA, S.A.
2. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L. (ACEVI)
3. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

3.- Entrega, e no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe emitido polo xefe da Área de Investimentos o 1 de decembro de 2016 sobre valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* e proposta de clasificación. Logo do seu estudo, a Mesa, por unanimidade dos seus membros, acepta o referido informe.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe emitido polo subxefe do Servizo de Extinción de Incendios o 2 de decembro de 2016 sobre valoración do Sobre C

Á vista do referido informe, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, excluír



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 05:33	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA343-CCD6BD-515C8A-P8ZY74-4G9G72-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

do procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213) aos seguintes licitadores por non cumprir a documentación técnica achegada nas súas proposicións, ao abeiro do previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares, coas esixencias do prego de prescricións técnicas particulares:

- Lote 2 (equipo de excarceración): INDUSTRIA GLOBAL SUPPLY, S.L.
- Lote 3 (xerador de corrente QES30): ELIAS JADRAQUE, S.A.
- Lote 4 (compresor de cargado de aire respirable): ELIAS JADRAQUE, S.A. e DRAGER SAFETY HISPANIA, S.A.

Dado que no lote 2 “equipo de excarceración” só se presentou un licitador (INDUSTRIA GLOBAL SUPPLY, S.L.), e este resultou excluído, a Mesa acorda, por unanimidade, propoñer á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación que declare deserto o referido lote.

4.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluír ás empresas que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, segundo o informe asinado polos arquitectos municipais o 1 de decembro de 2016:

1. COPCISA, S.A.
2. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L. (ACEVI)
3. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	98,91
2	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	92,74



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 05:33	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA343-CCD6BD-515C8A-P8ZY74-4G9G72-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Empresas	Puntuación
3	PROYCOGA, S.A.	90,35
4	REFORVIGO, S.L.	74,12

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto na cláusula 22 e no apartado 10B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas do 4,73 % do importe de adxudicación do contrato sen IVE (12.906,66 euros).

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.040,78 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de decembro de 2016, dos licitadores que deseguido se relacionan, por non cumprir a documentación técnica achegada nas súas proposicións, (segundo esixencia do apartado 7B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares) co prego de prescricións técnicas particulares:

- Lote 2 (equipo de excarceración): INDUSTRIA GLOBAL SUPPLY, S.L.
- Lote 3 (xerador de corrente QES30): ELIAS JADRAQUE, S.A.
- Lote 4 (compresor de cargado de aire respirable): ELIAS JADRAQUE, S.A. e DRAGER SAFETY HISPANIA, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 05:33	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA343-CCD6BD-515C8A-P8ZY74-4G9G72-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Segundo.- Declarar deserto o lote 2 “equipo de excarceración” xa que o único licitador presentado a este lote, INDUSTRIA GLOBAL SUPPLY, S.L., foi excluído da licitación por acordo adoptado pola Mesa Contratación o 5 de decembro de 2016.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do **Subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213)** na seguinte orde descendente:

- Lote 1 (grupo de aspiración HFS HYDROSUB 60):

Licitador	Puntuación total
ITURRI, S.A.	100

- Lote 3 (xerador de corrente QES30):

Licitador	Puntuación total
SIELVIGO, S.L.	100
ITURRI, S.A.	40,54

- Lote 4 (compresor de cargado de aire respirable):

Licitador	Puntuación total
ITURRI, S.A.	100

Cuarto.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ITURRI, S.A. (lotes 1 e 4) e SIELVIGO, S.L. (lote 3) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirit aos citados licitadores o aboamento de 1.805,91 euros (601,97 por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.



5.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río (4051-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río (4051-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de outubro de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, das obras de reforma da Grada de Río.

Segundo.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 2 de decembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir aos licitadores que deseguido se relacionan do procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río (4051-440), por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, consonte os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal do 30 de novembro de 2016

1. COPCISA, S.A.
2. UTE EXTRACO, S.A. - PRACE, S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de Reforma da Grada de Río (4051-440) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA	91,02
2	UTE INDEPO, S.L.U., AVAN INTEGRAL, S.L. E HIDROMIÑO S.L.U.	88,02
3	UTE DRAGADOS, S.A. E ORECO, S.A.	87,26
4	CIVIS GLOBAL, S.L.	86,34
5	UTE CONSTRUCCIONES OREGA, S.L., XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. e OHL, S.A.	84,86



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 05:33	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA343-CCD6BD-515C8A-P8ZY74-4G9G72-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

	Empresas	Puntuación
6	UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U., OGMIOS PROYECTO, S.L. e 03 SERVICIOS Y CONTRATAS, S.L.	84,34
7	UTE VIVIENDAS Y OBRAS CIVILES, S.A. E CONSTRUCCIONES RUESMA, S.A.	82,19
8	UTE ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A. E CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	78,50
9	CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	78,02
10	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S.A.	73,39
11	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	72,54
12	FCC CONSTRUCCIÓN, S.A.	66,52

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.471,58 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA, o día 2 de decembro de 2016, que presenta a documentación requirida o mesmo día.

Cuarto.- A Mesa de contratación na sesión do 5 de decembro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento. No entanto, dado que vixencia da póliza do seguro de responsabilidade civil remata o 1 de xaneiro de 2017 e non ten carácter prorrogable, o adxudicatario deberá presentar unha nova póliza que dea cobertura a todo o período de vixencia do contrato, con carácter previo á súa formalización.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 05:33	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA343-CCD6BD-515C8A-P8ZY74-4G9G72-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e mediante fórmula do 22 e 30 de novembro de 2016, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA, o procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río (4051-440) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 5.529.700,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 959.700,00 euros.*
- b) *O prazo de garantía incrementase en 8 semestres (48 meses), polo que o prazo total é de 60 meses.*
- c) *Comprométese a achegar as seguintes melloras:*
 - *Mellora de colocación de asentos na Grada de Río Alto*
 - *Mellora accesibilidade a zona inferior Grada de Río*
 - *Mellora rede separativa contigua a Grada de Río*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 05:33	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA343-CCD6BD-515C8A-P8ZY74-4G9G72-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

AFL

Vigo, 5 de decembro de 2016

O presidente da Mesa de Contratación
David Regades Fernández



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 05:33	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA343-CCD6BD-515C8A-P8ZY74-4G9G72-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		